



CONCELLO DE MUXIA

Teléfonos: 981 74 20 01 – 981 74 21 17 - Fax: 981 74 22 98
Rúa Real, 35 - C.P: 15124 (A Coruña)
www.concellomuxia.com
E-Mail: correo@muxia.es

D. Francisco Javier Sar Romero, Alcalde – Presidente do Concello de Muxía,

En uso das atribucións que me confire o artigo 21. 1. e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, veño a ditar o presente:

BANDO

Coa chegada da tempada estival e a cercanía da época de Alto Perigo de Incendios forestais, fago saber que é un deber de conservación das propiedades rústicas (parcelas) en estado de seguridade e salubridade, mantendo a masa vexetal de forma que evite a orosión e a propagación de incendios.

Os/As propietarios/as teñen a obriga de cumprir a normativa autonómica de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia, tendo que xestionar a biomasa forestal nunha franxa de 50 metros arredor do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como de calquera edificación que esté a menos de 400 metros do monte.

Para garantir a máxima seguridade e o cumprimento do indicado na normativa vixente, nos 50 metros non poderá haber pinos, eucaliptos acacias, mimosas, xestas, fieitas, silvas ou toxos (non pode haber árbores prohibidas nin maleza).

O deber de xestión da biomasa e desbroce das parcelas, tense que executar antes do próximo día 31 de Maio de 2026.

Este Concello de Muxía continuará tramitando os expedientes informativos correspondentes, e ante a non atención destas indicacións, tramitarase o correspondente expediente sancionador.

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Muxía na hora e data da firma dixital.

O ALCALDE
Francisco Javier Sar Romero

(asinado dixitalmente ao marxe)